



## Concello de Outeiro de Rei

---

# REGLAMENTO PARA A INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO

### PRIMEIRO:

No presente Rexistro inscribíranse as declaracións de constitución de Unións de Convivencia distintas do matrimonio, entre persoas do mesmo ou de distinto sexo, que convivan ó momento da solicitude de inscrición, salvo que tiveran descendencia común, en cuio caso bastará a mera inscrición de un dos membros no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Outeiro de Rei.

A convivencia acreditarase mediante certificado municipal expedido con cargo ó Padrón Municipal de Habitantes.

### SEGUNDO:

A inscrición no Rexistro de parellas de feito requerirá a declaración polos interesados da súa unión, mediante solicitude que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

### TERCEIRO:

Á solicitude acompañaráselle a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia compulsada dos Documentos Nacionais de Identidade e libro de familia.
- 2.- Declaración responsable de non estar incapacitados para emitir o consentimento necesario para levar a cabo o acto ou a declaración obxeto da inscrición.
- 3.- Certificado ou Fe de Estado.
- 4.- Certificación do Padrón Municipal de habitantes do Concello de Outeiro de Rei, que acredite a situación de empadronamento dos interesados.
- 5.- Declaración de se se encontran ou non inscritos en algún outro rexistro de parellas de feito.
- 6.- Declaración de non ter vínculo familiar de consanguinidade en primeiro ou segundo grao.

### CUARTO:

Aportada a documentación completa, a Alcaldía fixará o día no que se levantará o acta de formalización da declaración de vontade dos interesados.

En dito acto de formalización os interesados manifestarán en viva voz e ante o Alcalde, a súa vontade de constituir unha parella de feito e de que a mesma sexa inscrita no Rexistro Municipal de Parellas de feito. Do manifestado neste acto, o Secretario do Concello levantará acta sucinta que será firmada por todos os comparecentes.

### QUINTO:

Os datos do Rexistro pertencen ós seus titulares, polo que só á súa instancia o có seu consentimento poderán ser consultados, rectificadas ou reproducidos por terceiros.

As autoridades e funcionarios municipais con acceso ó rexistro están suxetos a estrito deber de sigilo respecto dos datos ós que accedan por razón da administración do mesmo.

Únicamente terán acceso ó rexistro o Alcalde da Corporación ou quen legalmente lle substitúa, o Secretario do Concello ou funcionario en quen delegue e funcionario encargado dos servizos sociais municipais, cando o exercicio da súa función o requira.



## Concello de Outeiro de

---

Asimesmo, terán acceso ó rexistro os funcionarios encargados da xestión tributaria ou de fomento, no suposto de que as ordenanzas municipais atribúan efectos tributarios á unión non matrimonial e dita unión sexa alegada polos interesados.

O Concello poderá ceder os datos inscritos no Rexistro ás autoridades xudiciais, previo requerimento das mesmas, así como ás autoridades responsables da levanza e custodia de rexistros de similar natureza, coa finalidade de evitar dobres inmatriculacións.

### **SEXTO:**

Considerarase disolta a parella de feito nos casos de morte ou declaración de falecemento de un dos seus membros, por matrimonio de un dos seus membros, por mutuo acordo, por vontade unilateral de un dos membros da parella, -que deberá ser notificada fidedignamente ó outro-, e por cese efectivo da convivencia por un periodo superior a un ano.

Ambos membros da parella están obrigados en caso de disolución, aínda que sexade forma separada, a instar a cancelación da inscrición no rexistro municipal. Se a vontade de cancelación se presenta por un só dos membros da parella, se dará traslado do seu escrito ó outro membro da parella a efectos do seu coñecemento.

A cancelación da inscrición poderá realizar de oficio, mediante coñecemento formal de concurrencia de algunha das causas descritas anteriormente. Neste caso, a nota de cancelación fará referencia ó documento xustificativo da mesma así como da previa notificación ós interesados do acordo de cancelación.

### **SÉPTIMO:**

As Unións Non Matrimoniais inscribíranse nun Libro de Rexistro municipal de parellas de feito, que recollerá os datos pessoais suficientes para a correcta identificación dos membros da parella, o domicilio, os convenios reguladores da súa relación en extracto (se os houbese), e as datas da anotación da súa constitución, convenios e extinción.

Este Libro de Rexistro poderáselle levar en soporte informático e en soporte papel mediante follas móbiles, previamente numeradas e seladas, que serán encuadradas posteriormente.

Constituirán follas móbiles as actas de formalización da unión á que se fai referencia no artigo 4º, e deberán ir firmadas polos interesados así como polo Alcalde e o Secretario do Concello.

### **OCTAVO:**

A inscrición neste Rexistro non constituirá calificación xurídica de actos ou documentos, senon mera constatación da declaración de vontade dos comparecentes e dos seus compromisos, salvo disposición normativa de superior rango.

### **NOVENO:**

O tratamento automatizado dos datos de carácter persoal que consten no Rexistro, respetará estrictamente as disposicións da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### **DÉCIMO:**

O Rexistro entrará en vigor ó día seguinte á publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

[Regulamento aprobado na sesión plenaria deste concello de data 26/12/2006. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 55 de 08/03/2007].